

# Programa formativo

*Como captar financiamento europeo  
para a túa empresa*



# Identifica as fontes de financiamento europeas. Os principais programas da Unión Europea 2021- 2027: Programa COSME

*Formadora: Loli Docampo*

*Data: 19 de outubro 2023*



# O programa COSME

O Programa de Competitividade das Pequenas e Medianas Empresas - COSME, financiaba moitas iniciativas que dan apoio as PEME's no seu acceso aos mercados.

**COSME** era un programa da Unión Europea dirixido a mellorar a competitividade das empresas europeas, fomentar a cultura empresarial e promover a creación e o crecemento da PEME europea.

O programa COSME, que contou cun orzamento de 2.300 M€ no período 2014-2020, pasou a formar parte do orzamento do Mercado Único a partir de 2021 e foi renomeado como **SMP-COSME**.

# O programa COSME

COSME era o programa da UE para a Competitividade das Empresas e as PEME que axudaba aos emprendedores e as pequenas e medianas empresas a comezar a operar, acceder a financiamento e internacionalizarse, ademais de apoiar ás autoridades a mellorar a contorna empresarial e facilitar o crecemento económico da UE.


Supoñía unha continuidade de Programa para a Iniciativa Empresarial e a Innovación (EIP) desenvolvido en 2007-2013 tanto no seu obxectivo como nas súas actuacións.

# O programa COSME

**Os obxectivos do programa eran:**

- Mellorar o acceso das PEME ao financiamento en forma de capital e de deuda a través de intermediarios financeiros
- Mellorar o acceso das empresas aos mercados a través da Rede Europa Empresa (Enterprise Europe Network) que prestaba servizos de apoio para facilitar a expansión das empresas dentro e fora da UE e financiaba a cooperación industrial internacional para reducir as diferenzas entre a UE e os seus principais socios comerciais
- Mellorar as condicións xeraies para a competitividade e a sustentabilidade das empresas, en particular as PEME, incluído o sector turístico
- Promover o emprendemento, desenvolvendo as habilidades e actitudes emprendedoras, nomeadamente entre os novos emprendedores, os mozos e as mulleres

# O programa COSME



The screenshot shows a web browser window with the URL `eisma.ec.europa.eu/programmes/single-market-programme_en`. The browser's address bar and search bar are visible. The website header includes the European Commission logo and a search bar. The main navigation bar is blue and contains the following links: Home, About EISMEA, Funding Opportunities, Programmes (selected), News, Events, and Documents. Below the navigation bar, the breadcrumb trail reads: Home > Programmes > Single Market Programme. The main content area features a large blue background with a white box containing the following text:

**Single Market Programme**  
Making the internal market more effective, boosting SMEs competitiveness, supporting European standardisation and empowering consumers

# O programa COSME

COSME contou cun orzamento de 2,3 billóns de euros, a executar desde 2014 ata 2020 e complementou aos estados membros da Unión Europea nas súas políticas dirixidas ás PEMEs, contribuindo a reforzar a competitividade e sustentabilidade das empresas da Unión e a fomentar a cultura empresarial.

Pero COSME como tal non tivo continuidade e integrouse no programa de Single Market Program (SMP) vixente neste novo período de financiamento 2021-2027.



# O programa SMP

En particular o programa Single Market Program:

- **facilita o acceso ao mercado**
- **promove o emprendemento e a adquisición das habilidades emprendedoras**
- **promove a modernización da industria e a orientación global aos desafíos sociais**



## O programa SMP: obxectivos (3)

O SMP abrangue pois os seguintes este **obxectivos**:



**Seguridade alimentaria:** garantir unha cadea alimentaria segura e sostible



**Protección dos consumidores:** garantir a seguridade dos produtos, a protección dos consumidores e unha maior voz dos mesmos



**Apoio ás empresas:** reforzar a competitividade e a sustentabilidade das pemes

## O programa SMP: obxectivos (3)

O SMP abrangue pois os seguintes este **obxectivos**:



**Mercado único máis eficaz:** mellora do funcionamento do mercado interior coa vixilancia de mercado, apoio á resolución de problemas de cidadáns e empresas e mellora da política de competencia



**Apoio ao desenvolvemento de normas e informes:** desenvolver normas europeas eficaces e normas internacionais de información e de auditoría



**Estadísticas europeas:** produción e difusión de estadísticas europeas de alta calidade

## O programa SMP: orzamento (1)

O SMP 2021-27 conta cun orzamento de 4.210 M€.


- 1.684 millóns de euros para seguridade alimentaria
- 210,5 millóns para protección dos consumidores
- 1.010,4 millóns de euros apoio ás pemes (COSME)
- 547,3 millóns de euros para fortalecer o mercado único
- 210,5 millóns de euros para o desenvolvemento de normas e informes
- 547,3 millóns de euros para estatísticas europeas



### THE BUDGET

Estimated breakdown of the Single Market Programme:

- 5% consumers
- 5% standardisation
- 11% Single Market
- 14 % statistics
- 24% competitiveness of SMEs
- 41% Food safety



# O programa SMP: elixibilidade (1)

Son elixibles para participar as entidades que cumplan estas características:

- que teñan entidade legal (xa sexa pública ou privada)
- que estean establecidas nalgún dos países elixibles, i.e.:
  - ✓ estados membros da UE (incluídos os territorios e países de ultramar (OCTs))
  - ✓ países non membros da UE:
    - listaxe de países EEA e países asociados ao programa SMP ou que estean en negociacións para acordos de asociación nos que este entra en vigor antes da sinatura do Acordo de Subvención (GA) ([lista de países participantes](#))
    - Ucraína

## O programa SMP: elixibilidade (2)

Son **potenciais participantes** como socios dos proxectos:

- particulares e empresas \*
- organismos intermedios de soporte ás empresas \*\*
- organismos de apoio activos a nivel europeo \*\*\*
- autoridades públicas que operan no campo da convocatoria
- outras tipoloxías definias nas convocatorias

\* As personas físicas non poden participar salvo que sexan autónomos

\*\* Asociacións sectoriais ou federacións, clusters, incubadoras, aceleradoras, cámaras de comercio, etc. que ofrezcan servizos de apoio ás empresas a nivel local, regional o estatal

\*\*\* Asociacións sectoriais ou federacións, clusters, incubadoras, aceleradoras, cámaras de comercio, etc. que ofrezcan servizos de apoio ás empresas a nivel europeo

## O programa SMP: elixibilidade (3)

Outras entidades poden formar parte do consorcio con outros roles, como asociados, subcontratados, terceiras partes aportando contribucións en especie, etc.

Os beneficiarios e as entidades afiliadas deben estar rexistrados no Portal do Participante antes da presentación da solicitude y deben ser validados polo Servicio Central de Validación (**REA Validation**).

Para este proceso de validación, seralles requerida documentación na que demostren o seu status legal e a súa orixe.

## O programa SMP: consorcio

As propostas deben ser presentadas por un **consorcio** de solicitantes (beneficiarios) que ten que cumprir coas seguintes condicións:

- polo menos 6 entidades independentes de alomenos 3 países elixibles diferentes
- un máximo de 2 entidades procedentes do mesmo país
- polo menos un intermediario de economía social por país participante involucrado en el consorcio
- Entre 1 e 2 organizacións activas de apoio a nivel europeo, como federacións e asociacións ou redes de entidades que representen ca entidades de economía social.



## O programa SMP; características

A duración dos proxectos pode ser de entre 24 a 36 meses (son posibles prórrogas, debidamente xustificadas e recollidas nunha enmenda).

O orzamento dos proxectos (cuantía máxima da axuda) se estima que debe estar entre 750.000 € e 1.000.000 €

As propostas deben estar relacionadas con actividades desenvolvidas en territorios elixibles.

## O programa SMP: admisibilidade (1)

As propostas deben ser presentados antes da data límite de cada convocatoria (*deadline*)

Deben ser presentadas electrónicamente a través do portal electrónico [Funding & Tenders Portal](#) (non está permitida a presentación en papel)

As propostas (incluídos os Anexos e os documentos de apoio) deben ser presentados nas plantillas dispoñibles no Submission System (non na páxina do Topic, que son só unha referencia)

## O programa SMP: admisibilidade (2)

As propostas deben estar completas e conter toda a información solicitada e os anexos:

- O formulario de solicitude **Parte A**, coa información administrativa dos participantes (coordinador, beneficiarios e entidades asociadas) e o orzamento resumido
- O formulario da **Parte B**, que contén a descripción técnica do proxecto (na plantilla descargada, cuberta e subida novamente á plataforma)
- Anexos obrigatorios e documentos de apoio, como o **orzamento detaiado** (plantilla dispoñible no Submission System), a **lista de proxectos previos** nos últimos 4 anos, o **Anexo 5** da Parte B coa *checklist* de elexibilidade.

## O programa SMP: admisibilidade (3)

- No momento de presentar a proposta é preciso demostrar que se dispón da autorización para actuar representando a todos os solicitantes. Antes de presentar a solicitude, cada beneficiario e entidades asociadas teñen que confirmar a súa autorización asinando unha **Declaración de Honor (DoH)**.
- As solicitudes teñen que ser lexibles, acesibles e imprimibles
- As propostas están limitadas a **50 páxinas (Parte B)**. Os avaliadores non terán en conta as páxinas adicionais.
- Pode ser solicitada información adicional (demostración da entidade legal, da capacidade financeira, o certificado de titularidade bancaria, etc.)

## O programa SMP: call abertas

- *Proximity and social economy industrial ecosystem: boosting the digital transition of social economy enterprises and SMEs (SMP-COSME-2023-SEED) hasta o 21 de novembro*
- *European AgriFood Sustainability Cluster Partnerships (SMP-COSME-2023-AGRICLUSTER) hasta o 7 de novembro de 2023*
- *Social Economy Missions for Community Resilience (SMP-COSME-2023-RESILIENCE) hasta o 7 de decembro de 2023*

## O programa SMP: call pasadas

- *Ecoloxización das PEME no ecosistema da economía social e de proximidade mediante a cooperación transnacional (SMP-COSME-2022-SEE)*
- *Apoio a empresas ucraínas para integralas no mercado único (SMP-COSME-2023-SMEUA)*
- *Impulsar a sensibilización das empresas convencionais para que traballen con empresas sociais (SMP-COSME-2022-BUYSOCIALB2BMARKET-01)*
- *Asociacións de sustentabilidade para que as PEME adopten prácticas máis sustentables (SMP-COSME-2021-SPP)*
- *Recuperación do Covid-19 mediante o crecemento sustentable do turismo e o apoio ás PEME (SMP-COSME-2021-TOURSME)*
- *Iniciativas agrupadas conxuntas (EUROCLUSTERS) para a recuperación de Europa (SMP-COSME-2021-CLUSTER)*

# O programa SMP-Erasmus Entrepreneur (1)

Entre os instrumentos do Single Market Project inclúese o Programa Erasmus para Mozos Emprendedores - EYE, que axuda aos aspirantes europeos a empresarios a adquirir as habilidades necesarias para crear e/ou dirixir con éxito unha pequena ou mediana empresa en Europa.

Os novos emprendedores adquiren e intercambian coñecementos e ideas de negocio con empresarios experimentados con quen conviven e colaboran entre 1 e 6 meses. A estancia está parcialmente subvencionada pola Comisión Europea e o programa está financiado pola Comisión Europea e opera en 37 países con axuda dos puntos locais de contacto, cuxa labor é apoiar ás empresas (p. ex. cámaras de comercio, centros de apoio á iniciativa empresarial, viveiros de empresas etc.). As súas actividades están coordinadas a nivel europeo pola Oficina de Apoio ao programa.

Erasmus for Young  
**Entrepreneurs**



## O programa SMP-Erasmus Entrepreneur (2)

Como novo/a emprendedor/a, beneficiaranse dunha formación en prácticas nunha PEME en calquera outro país participante. Isto facilitará un bo comezo do negocio ou fortalecerá á nova empresa. Tamén poderán beneficiarte do acceso a outros mercados, da cooperación internacional e das posibilidades de colaboración con socios no estranxeiro.

Como empresario/a de acollida, poderán beneficiarse das novas ideas que un/a novo/a emprendedor/a motivado/a pode aportar á súa empresa, por estar especializado/a nun área que a empresa de acollida non domina ou que podería complementar os seus coñecementos.

A maior parte dos empresarios de acollida desfrutaron tanto da experiencia que decidiron acoller a outros emprendedores ao rematar o intercambio.

## O programa SMP-Erasmus Entrepreneur (3)

É, sen dúbida, unha colaboración beneficiosa para ambos, grazas á cal poderán descubrir novos mercados europeos, atopar socios ou coñecer distintas ormas de facer negocios.

De cara ao futuro, os participantes terán a oportunidade de establecer unha ampla rede de contactos, e posiblemente decidan continuar colaborando e facerse socios a longo prazo (p. ex. en empresas conxuntas, subcontractando actividades, establecendo relacións de contratista-proveedor, etc.)

## O programa SMP-Erasmus Entrepreneur (4)

O programa Erasmus para **Mozos Emprendedores** está financiado pola CE e opera en 37 países con axuda dos puntos de contacto locais, cuxa labor é apoiar ás empresas

**Cámara Oficial de Comercio, Industria, Servizos e Navegación de Santiago de Compostela**

Rúa República Checa, 40. 15707 Santiago de Compostela

Persoa de contacto: Ms Belén Mendoza Chandas

(+34) 981 596 800 [proyectos@camaracompostela.org](mailto:proyectos@camaracompostela.org)

**UNINOVA - Sociedade para a Promoción de Iniciativas Empresariais Innovadoras, M.P., S.L.**

Edificio CERSIA EMPRESA, Rúa do Alcalde Raimundo López. 15707 Santiago De Compostela

Persoa de contacto: Ms Rosa Maria Sánchez Santos

(+34) 981 54 24 94 [rosa.sanchez@uninova.gal](mailto:rosa.sanchez@uninova.gal)

# Información de interese

Power Point Presentation - Proximity and social economy industrial ecosystem: boosting the digital transition of social economy enterprises and SMEs (SMP-COSME-2023-SEED)

Web da EISMEA

Work Programme de SMP 2023